

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006675	CPR San José	Pontevedra	2025/2026

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	5
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	6
c.1) Tempo de lectura e práctica da oratoria	7
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	9
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	10
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	13
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	13
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	14
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	15
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	16
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	17
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	18
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	19
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	20
o) Outros apartados	20

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

A Educación Infantil ten como finalidade contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual dos nenos e nenas. Abordarase o progresivo desenvolvemento afectivo, facilitando a construción de novos vínculos e relacións, isto facilitará que os nenos e nenas poidan desenvolver unha imaxe positiva e equilibrada de si mesmos, así como a adquisición de autonomía persoal e hábitos de control corporal. Potenciarase o descubrimento das características físicas, medio social e cultural, e a adquisición de pautas básicas de convivencia e relación social, así como a desenvolvemento da comunicación e da linguaxe. En Educación Infantil cobra especial relevancia a participación e colaboración das familias, tanto para facilitar a adaptación dos nenos e nenas á escola, así como planificar conxuntamente o desenvolvemento de obxectivos educativos. Por iso, o profesorado desta etapa manterá unha estreita relación cos pais, nais e titores do alumnado durante toda a etapa.

Segundo o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, a educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades que lle permitan:

- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar ás diferencias.
- Observar e explorar o seu entorno familiar, natural e social.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, e na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron aportacións importantes á cultura e á sociedade galegas.

A finalidade da Educación Primaria é proporcionar a todos os nenos e nenas unha educación que lle permita fortalecer o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar, adquirir habilidades culturais básicas relacionadas coa expresión e comprensión oral, lectura, escritura e cálculo, así como a adquisición de valores e o desenvolvemento de habilidades sociais e cidadáns, experiencias de aprendizaxe autónomas e permanentes, hábitos de traballo e estudo, sentido artístico, creatividade e afectividade. A acción educativa buscará a integración das diferentes experiencias e aprendizaxes do alumnado e adaptarse aos ritmos de traballo. Porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención de dificultades de aprendizaxe e na implantación de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades. A Educación Primaria, polo tanto, contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non discriminación de persoas con discapacidade.
- Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua castelá e a lingua cooficial da comunidade autónoma, e desenvolver hábitos de lectura.
- Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas, e desenvolverse en situacións cotiás.
- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, das ciencias sociais, da xeografía, da historia e da cultura.
- Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as 5 mensaxes que reciben e elaboran.

- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
 - Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
 - Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar xeitos de comportamento que favorezan o seu coidado.
 - Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
 - Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- Para a adaptación dos obxectivos xerais da etapa de Educación Primaria ao noso contexto e aos nosos obxectivos, seguiremos os seguintes criterios:
- Relacionar o proceso de aprendizaxe co medio, as súas características e problemas.
 - Promover a participación das familias no proceso de ensino-aprendizaxe.
 - Fomentar no alumnado capacidades e valores de participación, responsabilidade, respecto, tolerancia, coeducación e toma de decisións.
 - Atención ás dificultades de integración do alumnado con necesidades educativas especiais.
 - Dar resposta ás necesidades e intereses do alumnado para programar o proceso de ensino-aprendizaxe, para ofrecer materias optativas, etc.
 - Potenciar a autoestima.
- Obxectivos prioritarios:**
- Crear un espazo educativo escolar seguro de inclusión, individualización, respecto diferenza e non sexista.
 - Coñecer o legado cultural e patrimonial, analízalo, investigalo, situándose no mundo e fomentando actitudes de compromiso cara unha posición persoal crítica na construción da sociedade futura.
 - Promover unha escola integrada no medio, capaz de relacionarse positivamente con toda a comunidade, tratando de aproveitar a maior cantidade dos recursos educativos e humanos que nos ofertan estes medios.
 - Cultivar o arraigamento social do alumnado creando lazos co seu entorno próximo.
 - Potenciar o desenvolvemento das habilidades básicas de observación, experimentación, asimilación e expresión atendendo ao estado evolutivo do alumnado.
 - Elaborar dende unha perspectiva proactiva de plans de prevención, tanto a nivel de detección como de intervención co alumnado en relación á aprendizaxe e ao plano social e da convivencia.
 - Adoptar un compromiso solidario e activo no coidado do medio ambiente e na procura do desenvolvemento sostible.
 - Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e responsabilidade así como actitudes de confianza en si mesmo/a, iniciativa, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- Obxectivos pedagóxicos:**
- Implantar o traballo por proxectos e colaborativo en todos os niveis escolares.
 - Utilizar as dúas linguas vehiculares da aprendizaxe e potenciar o uso de linguas estranxeiras, co fin de adquirir unha competencia comunicativa básica para expresar e comprender mensaxes sinxelas en situacións cotiás.
 - Desenvolver as competencias básicas para a resolución de problemas
 - Coñecer e valorar a nosa contorna máis próxima e da Comunidade Autónoma de Galiza interiorizando comportamentos de respecto e coidado.
 - Utilizar os medios de expresión artística para iniciarse no desenvolvemento de propostas individuais ou grupais que procuren o desfrute do esteticamente fermoso, creativo, pracenteiro e favorecedor dunha comunicación enriquecedora na propia comunidade.
 - Potenciar a utilización das novas tecnoloxías como recurso, aumentando o dominio do profesorado nas TIC e utilizando eficientemente os recursos tecnolóxicos.
 - Fomentar o uso da biblioteca e promover hábitos de lectura no alumnado fomentando o uso da biblioteca e a hora de ler.
 - Fomentar a titorización entre iguais para a prevención do acoso escolar.
 - Empregar diferentes técnicas de estudo para mellorar o nivel de rendemento escolar.
 - Respectar os ritmos individuais de aprendizaxe, atendendo á diversidade e considerando as intelixencias múltiples.
 - Mellorar o Plan de Acollida ao alumnado con diversidade cultural e idiomática.
 - Colaborar nas campañas de solidariedade e tolerancia.
- Obxectivos relacionados cos recursos persoais e materiais do centro:**
- Establecer canles activas de comunicación entre toda a comunidade.
 - Favorecer a formación permanente do profesorado a través da organización de cursos, seminarios, grupos de traballo, etc; a partir das necesidades observadas no centro.
 - Procurar unha mellora paulatina das instalacións do centro, para acadar unha escola saneada, limpa, alegre, habitable e dotada de maneira efectiva en novas tecnoloxías.
- Obxectivos relacionados coa participación da comunidade educativa :**

- Coordinarse con outros axentes sociais municipais para facilitar a incorporación e participación das familias do alumnado.
- Crear espazos e tempo de colaboración no Consello Escolar e no Claustro que faciliten a toma de decisións participativas.
- Contribuír en crear unha imaxe positiva do centro escolar.
- Implicar ás familias nas experiencias escolares.
- Pedir colaboración e plantexar actividades extraescolares que dean solucións aos horarios das familias, así como plans propios para a conciliación.
- Facilitar a participación da familia nas datas conmemorativas e nas distintas actividades propostas dende o centro.
- Sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dun proxecto educativo baseado na solidariedade, respecto e igualdade.
- Sensibilizar sobre os aspectos positivos da integración doutras culturas.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

Para unha adquisición eficiente das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deben deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que permitan aos estudantes avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. O desenvolvemento das habilidades de comunicación lingüística, matemáticas e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

As competencias básicas son os desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais. O desenvolvemento das competencias abordarase desde todas as áreas curriculares de xeito interdisciplinario. As competencias que debemos desenvolver son as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).
- Competencia en Comunicación Lingüística (CC): implica a habilidade para comunicarse e conectar eficazmente con outras persoas de forma adecuada e creativa, sabendo identificar, comprender, expresar, crear e interpretar conceptos, sentimentos, feitos e opinións de forma oral e escrita mediante materiais visuais, sonoros e dixitais nas distintas materias e contextos. Traballaranse a través da oralidade nas diferentes asembleas ao longo da xornada lectiva, realizando exposicións dos traballos de investigación, faremos actividades de contacontos e recitados na biblioteca nas aulas, usaremos o xogo como medio para aprender de forma divertida, nos apoiaremos na interpretación como medio para expresarse...
- Competencia Plurilingüe (CP): define a habilidade de empregar distintas linguas de forma adecuada e efectiva para a comunicación. Baséase na habilidade de comprender, expresar e interpretar conceptos, pensamentos, sentimentos, feitos e opinións de forma oral e escrita en diversos contextos sociais e culturais. Fomentárase o uso da lingua galega e inglesa mediante, contacontos, cancións, asemblea, xogos, vídeos, obras de teatro, exposicións, elaborando traballos... Ademais, contamos tamén cun Auxiliar de Conversa en toda as etapas escolares.
- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM): a competencia matemática é a habilidade de desenvolver e aplicar o razoamento e a perspectiva matemática coa finalidade de resolver diversos problemas en situacións cotiás. Entraña, en diferentes graos, a habilidade e a vontade de empregar modos matemáticos de pensamento e representación. A competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería alude a habilidade e a vontade de explicar o mundo natural empregando un amplo conxunto de coñecementos e metodoloxías, incluídas a observación e a experimentación, coa finalidade de propor preguntas e extraer conclusións baseadas en probas. Traballaremos a competencia matemática necesaria para interpretar e explicar o mundo a través de distintos ámbitos: números e cantidade (mediante xogos de roles, xogos de cartas, de dados, dominós,...), espazo e forma (poremos obxectos no espazo e traballaremos coa perspectiva, descifrar mapas (a través de pistas e símbolos, os/as alumnos/as interpretarán unha mensaxe oculto, esculpirán obxectos con diferentes materiais, ...) cambio e relacións (usaremos xogos de roles, resolveremos problemas, ...). Desenvolveremos a competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería mediante investigación e comunicación científica (realizaremos traballos de investigación), mediante sistemas tecnolóxicos (tablets, ordenadores, ...).
- Competencia dixital (CD): implica o uso seguro, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe , no traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas. Inclúe a alfabetización en información e datos, a comunicación e a colaboración, a alfabetización mediática, a creación de contidos dixitais, a seguridade,

asuntos relacionados coa propiedade intelectual, a resolución de conflitos e o pensamento crítico. Dende o centro fomentará esta competencia coa continuación do programa Digicraft, o uso da aula virtual en diferentes cursos de Primaria, o traballo con robótica, o uso de ordenadores e tablets en todos os cursos, PDI ou taboleiros dixitais en todas as aulas, etc. Ademais este ano incorporaremos ao noso traballo de competencia dixital o programa, Polos Creativos.

- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA): é a habilidade de reflexionar sobre un mesmo, xestionar o tempo e a información eficazmente, colaborar con outros de forma construtiva, manter a resiliencia e xestionar a aprendizaxe propia. Inclúe a habilidade de facer fronte á incerteza e á complexidade, aprender a aprender, contribuír ao propio benestar físico e emocional, conservar a saúde física e mental, sendo capaz de levar unha vida saudable, expresar empatía e xestionar os conflitos nun contexto integrador e de apoio. Esta competencia traballarase de xeito transversal en todas as áreas do currículo. De maneira máis concreta levaremos a cabo obradoiros de habilidades sociais e de xestión emocional.

- Competencia cidadá (CC): é a habilidade de actuar como cidadáns responsables e participar plenamente na vida social e cívica, baseándose na comprensión dos conceptos e estruturas sociais, económicos, xurídicos e políticos, así como na sustentabilidade e os acontecementos mundiais. Fomentárase no centro a reciclaxe, actividades intergrupais nas diferentes conmemoracións, patios dinámicos e inclusivos durante o recreo, usaremos diferentes xogos e talleres, realizaremos asembleas e debates, realizaremos grupos de traballos etc.

- Competencia emprendedora (CE): refírese a capacidade de actuar con arranxo a oportunidades e ideas, e transformalas en valores para outros. Baséase na creatividade, o pensamento crítico e a resolución de problemas, en tomar a iniciativa, a perseveranza e a habilidade de traballar de maneira cooperativa na planificación e a xestión de proxectos de valor financeiro, social ou cultural. Desde o centro potenciaranse as iniciativas xurdidas do propio alumnado e os seus pequenos proxectos. Usaremos xogos que acercan ao alumnado a situacións cotiás e desenvolvan a súa capacidade emprendedora..

- Competencia en conciencia e expresión cultural (CCEC): implica comprender e respectar a forma en que as ideas e o significado se expresan de forma creativa e comunícanse nas distintas culturas, así como a través dunha serie de artes e outras manifestacións culturais. Implica esforzarse por comprender, desenvolver e expresar ideas propias e un sentido de pertenza á sociedade ou de desempeñar unha función nesta en distintas formas e contextos. No centro realizaranse diferentes conmemoracións ao longo do ano (Nadal, Samaín, Magosto, Entroido, Día da Paz, Día do libro, Día das Letras Galegas...), concurso de postais, saídas pola contorna próxima, saídas a espectáculos teatrais e exposicións, creacións artísticas na materia de Educación Plástica e Visual e en Música e Danza, achegamento a outras culturas a través da conversación con nativos, de charlas, de eventos, visualización de documentais e películas....

Teremos que ter sempre en conta que cada departamento didáctico dun centro educativo deberá desenvolver o currículo que se estableza mediante a programación didáctica de cada materia impartida en cada curso e tendo en conta que, as programacións didácticas, inclúen por materia, o desenvolvemento das competencias clave e a concreción dos estándares de aprendizaxe avaliábeles a contribución das competencias quedan integradas nas programacións didácticas de cada materia.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

A sensibilización da sociedade e a iniciación da vida cotiá cada vez máis cedo na nosa sociedade, son aspectos que marcarán o desenvolvemento dos nosos elementos transversais.

- Educación para a convivencia: A nosa escola debe converterse nun lugar de encontro entre persoas distintas que forman unha comunidade e onde intereses non sempre son os mesmos. Isto fai da escola un lugar idóneo para poder aprender por propia experiencia esas actitudes básicas e necesarias para unha convivencia participativa. Por outro lado, a construción de actitudes que estimulen ao diálogo como vía de resolución de conflitos entre persoas ou grupos será o noso obxectivo básico, seguindo sempre os protocolos marcados dende a Xunta de Galicia para Benestar e Convivencia.

- Educación do consumidor: Os/as nenos/as son os máis afectados no acoso publicitario que actualmente se da na vida cotiá. Por isto realizaremos actividades que outorguen no posible criterios para o uso adecuado dos materiais en función da súa utilización e non de modas ou campañas publicitarias.

- Educación para a saúde: Promoveremos unha alimentación adecuada (realizaremos diferentes campañas de consumo de froita e leite) e fomentaremos un exercicio que sexa axeitado e estruturado para promover unha boa calidade de vida (campañas de iniciación ao deporte e participación en diferentes programas deportivos, como pode ser Xogade).

- Educación ambiental: Traballamos o espazo natural como algo realmente noso. Traballaremos sobre o coidado da nosa contorna, ensinaremos actitudes respectuosas e relacionaremos eses hábitos coas nosas visitas ao medio

natural.

- Educación viaria: Traballaremos aspectos espazo- temporais, de orientación e o coñecemento das nosas rúas, dos sinais e dos modelos de convivencia tanto de peóns como de usuarios dun transporte. Realizaremos actividades en colaboración coa Policía Local onde o alumnado vive de primeira man como é o control viario e como deben comportarse tanto peóns como condutores.
- Educación intercultural: Contribuíndo a que todos os/as nosos/as alumnos/as, independentemente da súa raza, aprendan a convivir na nosa escola como espazo democrático, preparándoos para a vida futura e mellor inserción social. Fomentaranse os valores e principios que sosteñan unha vida pacífica fora de racismos e intolerancias.
- Coeducación: Modificaremos hábitos discriminatorios por sexo e procuraremos actividades e tarefas cooperativas asignando responsabilidades dentro do grupo por igual.
- Educación para a paz: Nestas idades os conflitos de relación son bastante frecuentes. Os roces, os choques, os enfados fan que as veces xurdan belixerantes relacións. Traballaremos en actividades coa que encouzar estas situación para dar a posibilidade de solucións polo camiño da aceptación dos erros, da comprensión ou da palabra fronte á agresividade. Traballarase baseándonos sempre no Plan de Benestar e Conveniencia do centro.
- Fomento da lingua galega: Desenvolveremos actividades para o coñecemento e práctica da nosa lingua, sempre respectando as diferencias individuais de cada alumnado.

En todas as áreas do currículo trabállanse, ademais, unha serie de contidos implícitos que aparecen recollidos no artigo 10 del RD 126/2014 e o artigo 11 do D105/2014, denominados elementos transversais, coa finalidade de que o/a alumno/a alcance o seu máximo desenvolvemento integral. Saber comprender na lectura é un dos grandes obxectivos que debe acadar o alumnado na etapa de Educación Primaria. A expresión oral e escrita será outro dos principais obxectivos que se deben acadar ao finalizar a etapa. As novas tecnoloxías da información e comunicación axudarán ao noso alumnado a unha adaptación cara unha vida futura. O emprendemento será o que afianzará o espírito emprendedor a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, o traballo en equipo, a confianza en si mesmo e o sentido crítico. A Educación cívica axudaranos a analizar criticamente a realidade e favorecer a convivencia.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunha das materias de cada etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as materias. Terase en conta todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que o alumnado con discapacidade poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades. Fomentaranse a solidariedade con actitudes de axuda, colaboración, atención ás necesidades dos/das compañeiros/as...

Desenvolverase a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Buscarase respectar aos demais e a un mesmo e non facer discriminación por razón de sexo. Promoverase o desenvolvemento de valores que fomenten a igualdade afectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero. Resolveranse de maneira pacífica conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, educando na tolerancia e respecto das opinións dos outros/as. Farase un desenvolvemento sostible do medio ambiente así como a protección ante emerxencias e catástrofes, respectando a contorna coidando as árbores do patio e as plantas da nosa contorna mais próxima. Reciclarase en todas as aulas papel, plástico e orgánico en cada un dos puntos do centro, ademais de no noso patio de xogos. Fomentaranse actitudes de consumo responsable con campañas de animación a compra local, visitas a supermercados con actividades para o consumidor... Participaranse en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico. Fomentaranse actividades de exercicio físico e a alimentación saudable, así como de vida activa e saudable, xa referidas en puntos anteriores.

As especificacións de cada tema transversal aparecen integradas nas programacións didácticas de cada curso e materia.

c.1) Tempo de lectura e práctica da oratoria

Criterios de organización e decisións para cada etapa educativa e/ou cursos e/ou áreas/materias/ámbitos

Educación infantil: Espazos: rincón de lectura e asemblea como lugares privilexiados. Tempos: momentos curtos (10-15 min) diarios de lectura e oralidade, adaptados á idade. Recursos: contos ilustrados, kamishibai, marionetas, libros con pictogramas, gravacións de voz. Agrupamentos: Gran grupo escoita e dramatización. Pequenos grupos reconto de historias. Individual expresión oral guiada. 3-4 anos (1º ciclo de EI) Lectura de contos breves con apoio visual. Repetición de rimas, cantigas e pequenas retahílas. Oratoria: repetir palabras novas, completar frases, xogar con

sons. 4-5 anos (2º ciclo de EI e 4 anos) Contos con estrutura narrativa sinxela (inicio-nudo-final). Participación en diálogos guiados polos docentes. Oratoria: pequenas presentacións (¿o meu xoguete favorito?, ¿o que fixen na fin de semana?). 5-6 anos (2º ciclo de EI e 5 anos) Lectura de contos máis longos, iniciando a predición e interpretación. Teatro de marionetas ou dramatizacións curtas. Oratoria: narrar experiencias persoais, opinar sobre historias, facer preguntas aos compañeiros. Educación primaria: Criterios xerais de organización Tempo mínimo: 20-30 minutos de lectura/oratoria diaria (pódese repartir en bloques máis curtos). Periodicidade: Lectura silenciosa e diaria. Lectura en voz alta e 2-3 veces por semana. Oratoria (exposicións, debates, recitados) e polo menos 1 vez cada semana. Espazo: aula ordinaria, biblioteca escolar, aula multiusos. Responsabilidade compartida: todas as áreas deben incluír actividades de lectura/oratoria. Decisións de centro: Proxecto lector e de oratoria. Selección de materiais: Itinerarios lectores que combinen literatura galega, universal e textos informativos. Obras obrigatorias + lecturas libres elixidas polo alumnado. Priorizar a lectura en castelán e galego sen facer exclusión da lingua estranxeira.. Avaliación: usar rúbricas comúns para todos os cursos. Por ciclos de primaria: Primeiro ciclo (1º e 2º) Lectura: Lectura diaria en voz alta da mestra e alumnado. Contos curtos, poemas, adiviñas, rimas. Iniciación á lectura autónoma e comprensiva. Oratoria: Relatar experiencias persoais. Dicar poemas ou cantigas. Pequenas exposicións sobre un debuxo ou proxecto. Decisións organizativas: 15 min diarios de lectura compartida. Establecer un día do recitado cada semana. Segundo ciclo (3º e 4º) Lectura: Introducir libros por capítulos. Actividades de comprensión lectora (preguntas, resumos, cómics). Lectura silenciosa diaria. Oratoria: Exposicións breves (tema de ciencias, libro lido). Dramatizacións de contos/obras curtas. Pequenos debates guiados (¿que animal sería mellor como mascota?). Decisións organizativas: 20 min diarios para lectura libre/dirixida. Unha exposición oral curta por trimestre de cada neno/a. Terceiro ciclo (5º e 6º) Lectura: Libros máis extensos (novelas xuvenís, narracións de autoría galega). Textos informativos, científicos, históricos. Lectura crítica (identificar opinións, diferenciar feitos). Oratoria: Exposicións orais estruturadas con apoio visual. Debates sobre temas sinxelos de actualidade ou da contorna. Preparación dun discurso breve (2-3 min). Decisións organizativas: 25-30 min diarios de lectura. 1 actividade oral formal ao mes (exposición, debate, recitado). Preparación dunha mostra final de oratoria do ciclo (festival, semana cultural).

Estratexias para a organización, coordinación e mediación do "Tempo de lectura"

Educación infantil: Organización Planificación temporal: Sesións diarias de 10-15 minutos. Momentos fixos (ex.: inicio da xornada ou despois do recreo) para crear hábito. Espazo definido: ¿Rincón de lectura? con ambiente acolledor (almofadas, alfombras, mural con contos). Biblioteca de aula con libros de diferentes formatos (cartón, pictogramas, ilustrados). Rotación de materiais: Renovar periodicamente os contos para manter interese. Incluir recursos da tradición oral galega (contos, adiviñas, cantigas). Coordinación: Equipo docente: Elaborar un calendario común de contos/temáticas por trimestre. Compartir estratexias de animación lectora entre profes. Familias: Propostas de ¿contacontos familiares? unha vez ao mes. Préstamo de libros da biblioteca escolar para levar á casa. Centro: Coordinación co Equipo de Normalización Lingüística para garantir presenza da lingua galega. Participación en campañas conmemorativas (Día do Libro, Letras Galegas). Mediación: Rol do docente como mediador/a: Ler en voz alta con entoación e xestos. Acompañar a lectura con preguntas abertas (¿Que cres que vai pasar?, ¿Como se sente o personaxe?). Guiar a comprensión: resumo colectivo, reconto con apoio de imaxes. Participación activa do alumnado: Escoller o conto a ler entre varias opcións. Representar as historias con marionetas ou dramatización. Convertérense en pequenos narradores (cada un reconto dunha parte). Adaptación ás idades: 3 anos: contos breves e rimas repetitivas. 4 anos: historias con secuencia clara (comezo, medio, final). 5 anos: contos máis complexos e dramatización de diálogos. Educación primaria Organización Horario estable: fixar unha franxa horaria común en todo o centro (ex. 20-30 min ao comezo da mañá ou despois do recreo) para que todo o alumnado lea ao mesmo tempo. Espazos diferenciados: aula, biblioteca escolar, rincóns de lectura ou mesmo espazos exteriores. Variedade de soportes: libros en galego e castelán, libros dixitais, cómics, revistas, audiolibros, prensa adaptada, etc. Progresión por ciclos: 1º ciclo e lectura compartida e en voz alta. 2º ciclo e introdución á lectura silenciosa guiada. 3º ciclo e autonomía e liberdade de elección. Plan lector anual: integrar no Proxecto Lector de Centro, cun calendario de lecturas, actividades e datas especiais (Día do Libro, Letras Galegas, Semana da Lectura). 2. Coordinación Equipo dinamizador da lectura: un grupo de profesorado (coordinado pola biblioteca escolar) que elabora propostas, itinerarios lectores, formación e materiais. Reunións periódicas: coordinación entre titorías e especialistas para acordar actividades, tempos e rúbricas comúns. Itinerarios lectores: selección consensuada de obras obrigatorias e recomendadas para cada ciclo, equilibrando literatura galega, universal e textos informativos. Rexistro de lecturas: cadernos de lectura, pasaportes lectores ou carteis en aula onde se anota o que cada alumno/a vai lendo. Implicación das familias: boletíns de recomendación, préstamo de libros á casa, encontros literarios cos pais/nais. 3. Mediación Profesorado como modelo lector: o docente tamén le diante do alumnado (uns minutos de lectura silenciosa compartida). Lectura expresiva: fomentar que mestras/os, alumnado maior ou persoas convidadas lean en voz alta para o resto. Club de lectura de aula: pequenos grupos de alumnado que comentan a mesma obra guiados polo profesorado. Padrinazgo lector: alumnado de cursos superiores le para os máis pequenos e viceversa. Encontros con autores/as: visitas de escritores galegos, presentacións de libros, obradoiros de narración oral. Uso das TIC: creación

de podcasts con recitados... Lectura vinculada á vida: conectar as lecturas con proxectos de aula (ciencias, historia, arte) ou co entorno (lecturas sobre natureza, tradicións, festas locais). 4. Exemplos de actividades de mediación ¿O libro viaxeiro?: cada semana un libro pasa polas aulas, que deixan unha nota ou debuxo. ¿Minuto de ouro lector?: ao comezo de cada clase, un alumno/a le un fragmento curto en voz alta. ¿A butaca lectora?: un recuncho especial da aula onde un neno/a le para o resto. ¿Citas ás cegas con libros?: libros envoltos en papel onde só aparece unha palabra clave, para fomentar a curiosidade. ¿Lecturas compartidas inter-niveis?: encontros de 6º con 1º, 5º con 2º, etc. 5. Avaliación e seguimento Rúbricas comúns: avaliar comprensión, fluidez, interese, participación. Autoavaliación: fichas onde o alumnado reflexiona sobre como se sentiu lendo. Diarios de lectura: rexistro persoal de lecturas e opinións. Seguimento de centro: recollida de datos de participación, préstamo de libros, evolución da comprensión lectora.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

Pretendemos que o noso modelo de educación sexa integral, favorecendo o desenvolvemento de capacidades, valores e procedementos na aprendizaxe do/a neno/a. Deste xeito, convertémonos nun/ha mestre/a mediador/a que trata de que os/as nosos/as alumnos/as desenvolvan as súas capacidades e valores.

Buscamos unha aprendizaxe global que busca a integración do maior número de aspectos posibles recollidos dentro dos diferentes núcleos de contidos, relacionando coñecementos, procedementos e actitudes.

Partiremos do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas tendo en conta as súas diversas contextos socioculturais. Aseguraremos unha construción de aprendizaxes significativas mediante a mobilización dos seus coñecementos, a súa memorización previa e a comprensión. A partir deste momento permitiremos que o alumnado realice aprendizaxes significativas por si mesmo favorecendo sempre situacións nas que deba actualizar os seus coñecementos, proporcionando situacións que teñan sentido e sexan motivadores en todo momento.

Os principios que orientan a nosa práctica educativa para o traballo na aula e que, como tal, implican necesariamente flexibilidade na súa aplicación para adaptalos ás características e contexto do alumnado e a área correspondente, cun enfoque integrador que inclúe metodoloxías globalizadoras e aprendizaxe significativo. Este tipo de metodoloxía favorecerá os distintos tipos de coñecementos e os docentes poderán programar un proceso de ensinanza aprendizaxe mais marcado no alumnado.

O profesorado do centro tratará de propoñer diferentes tarefas e situacións de aprendizaxe, utilizando recursos didácticos variados, para responder tanto á diversidade de intereses, capacidades e necesidades dos nenos e nenas, así como a súa evolución ao longo do proceso educativo, proporcionando oportunidades de aprendizaxe significativa e de converterse en protagonistas do seu propio desenvolvemento e coñecemento.

Outros principios a ter en conta serán: a creatividade, a afectividade, aprender a aprender, individualización, liberdade, ...

Os espazos adaptaranse ás condicións materiais e de instalacións esixidas e cumprir os criterios de funcionalidade, habitabilidade, versatilidade e seguridade; así como dar resposta ás necesidades de comunicación, de experiencias, de actividade, dos nenos/as.

En canto ao tempo, este estará organizado baixo presupostos de flexibilidade, de xeito que respecten os ritmos naturais e individuais de cada neno/a e combinando tempos de rutinas e tempos de actividades específicas.

Será imprescindible favorecer no alumnado a capacidade de descubrir e explorar, asumir responsabilidades cada vez máis complexas, valorar os seus propios logros e esforzos e os das outras persoas, progresar no desenvolvemento da autonomía persoal, potenciar a toma de decisións e a realización de propostas, a reflexión sobre os seus progresos e o fortalecemento dunha autoestima positiva., sempre adecuando os contidos ao nivel do grupo e ao estadio evolutivo do alumnado.

Será importante adoptar un enfoque integrado dos contidos de cada área, o que suporá incorporar actividades concretas e, sempre que sexa posible, en unidades de significado máis grandes no ámbito escolar (centros de interese, proxectos de traballo, investigacións, etc.).

Prestaráselles especial atención durante toda a etapa á atención personalizada dos/as alumnos/as, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar. Os mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos como curriculares, sempre marcados dende a titoría e coa colaboración da profesora de PT e AL. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

De todo o anteriormente relatado podemos sacar que os nosos criterios xerais metodolóxicos serán:

En Educación Infantil:

- Aspecto globalizador
- Investigación
- Experimentación
- Ambiente autónomo, seguro e de confianza plena
- Intelixencias múltiples
- O xogo A comunicación
- Os contos
- Proxectos de comprensión e aplicación
- Socialización En Educación Primaria:
- Actividades de aprendizaxe integradas
- Actividades de aula colectivas e individuais
- Núcleos temáticos
- Aplicación de aprendizaxes diversos
- Flexibilidade
- Actividades activas e participativas
- Actividades de aprender a pensar
- Actividades de lectura e escritura
- Comunicación
- O xogo
- Intelixencias múltiples
- Experimentación
- Ambiente autónomo, seguro e de confianza plena
- Socialización

Nos distintos niveis a nosa metodoloxía será por tanto activa e participativa, sendo o/a alumno/a o punto central de toda aprendizaxe. Buscarase un aprendizaxe manipulativo, cooperativo e de aprender a aprender.

Cabe destacar que a acción docente que se leva a cabo no centro é o resultado dunha coordinación permanente co profesorado, cun contacto directo co equipo directivo e co centro co que estamos adscritos, co fin de lograr un desenvolvemento do proceso educativo e que exista unha liña de traballo coordinada. Levaranse a cabo, ademais, medidas curriculares, así como vías de comunicación que faciliten a transición dunha etapa á outra.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Entendemos por materiais curriculares os que foron elaborados coa intención didáctica e que están orientados á planificación e desenvolvemento do currículo. Poden estar dirixidos a estudantes ou profesores. Inclúen os seguintes tipos: propostas curriculares, propostas de áreas didácticas, materiais para o desenvolvemento de unidades de programación, libros de texto, materiais audiovisuais e informática didáctica, etc.

Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polos equipos docentes seguen un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás formulacións xerais de intervención educativa e ao modelo didáctico anteriormente proposto. De tal modo, establécense diferentes criterios ou directrices xerais que perfilan a análise:

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
- Correspondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no Proxecto educativo do centro.
- Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
- A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade interna de cada área.
- A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
- A variedade das actividades, diferente tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
- A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
- A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.

Atendendo a todo o anteriormente citado marcaremos unhas pautas que mandan dentro desta selección:

- Recursos humanos: O/a mestre/a titor/a. Os mestres/as especialistas. Os/as alumnos/as. As familias. A comunidade educativa.

Chamaremos recursos didácticos a aqueles medios que facilitan o proceso de ensinanza aprendizaxe e, en consecuencia, o acceso á información, a adquisición de habilidades, habilidades e estratexias, así como información sobre actitudes e valores.

Estes recursos poden ser:

- Metodolóxicos (técnicas, agrupacións, uso do espazo e de tempo, etc).
- Ambientais (enlazar contidos co contorno inmediato).
- Materiais (incluían materiais estritamente curriculares, como calquera outro medio útil non necesariamente creado

para o ámbito docente, como por exemplo, materiais non convencionais, tomados da vida cotiá, construídos polo propio alumnado, etc.).

Os recursos poden vir de moitos lugares diferentes; pódese quitar da vida ordinaria, ser construído polo propio alumnado ou polo profesorado, xorden de avances tecnolóxicos ou ser patrimonio do centro.

Os recursos materiais son tanto materiais estritamente curriculares como calquera outro medio útil non necesariamente creado para o ámbito docente.

Os materiais curriculares impresos serán os libros de texto, xornais e banda deseñada, fundamentalmente para Educación Infantil e Primaria. Contaremos con bases de datos institucionais (Ministerio de Educación do Goberno de Canarias e Ministerio de Educación, basicamente).

Para Educación Infantil os criterios de elección de materiais e recursos serán:

- Que sexan axeitados ao momento evolutivo dos nenos e nenas.
- Que sexan atractivos (bo deseño, con cores vivas que esperten o interese dos alumnado).
- Que fomenten actitudes de cooperación, comunicación e eviten discriminacións sexista.
- Os materiais educativos deben ser resistentes e garantir unha durabilidade a longo prazo.
- O tamaño será o axeitado e permitirá un fácil manexo.
- Respetarán as normas de seguridade da Comunidade Europea.
- Elaboraranse con substancias non tóxicas.
- Serán fáciles de manexar á hora de manipularlos, identificalos (envases transparentes ou debidamente etiquetados) e ao transportalos.
- Que propoñan actividades variadas. Que empreguen unha metodoloxía que se adapte ben aos momentos de traballo individuais, pequenos e grandes grupos.
- Que estean compostos por materiais de boa calidade e textura, que permitan a súa utilizar correctamente.
- Que aborden axeitadamente as cuestións transversais.
- Que secuencien e organicen os contidos de forma lóxica e adaptados á realidade do alumnado.
- Que presenten os obxectivos didácticos de forma clara e facilmente avaliable.
